



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

De novo compartindo con quen teña o gusto de ler estas páxinas nas que ofrecemos unha ollada sempre parcial e un chisco serodia sobre a realidade eclesiástica que imos construindo día a día. Para quen isto escribe é un gozo e unha responsabilidade poder facelo, e con canto gusto faría convosco faladoiro amplo! Así, con opinión e valoración comunitaria, poderíámonos achegar con xusteza á alma desta nosa Igrexa, cousa que nunca se poderá facer, iso pensamos, sen ao tempo nos introducir na alma do noso pobo, e da sociedade ampla, global, da que formamos parte, e para a que nos queremos constituír en servidoras. Os vosos ecos e resonancias, as vosas críticas e suxestións serán o crisol que purifique a nosa escrita e a fagan máis atinada e vigorosa. Vamos, logo!

1.- Pascua florida e dorida

Xa van aló varias semanas pascuais cando isto empezo a escribir, e cando recibades o escrito xa andaremos facéndolle as beiras ao verán. Pero non podemos deixar de asentar a graza e a desgraza dos días pascuais. Na Semana Santa, 14-21 de abril, cando por aquí andabamos cruzando prazas e rúas cos nosos «pasos», e as nosas vilas e cidades se enchían de espectadores curiosos e/ou relixiosos; cando Viveiro e Ferrol maiormente facían méritos para situarse cada ano máis na elite das confrarías, e vilas como Mondoñedo ou Chantada buscaban un oco digno nesa especial competencia; cando entre nós debatíamos sobre o valor cristián de tanto espectáculo; cando igual todo isto nos soaba a mundo caduco ou folclórico e aproveitabamos o tempo para o simple lecer; no

medio destas circunstancias, o martes santo, ardía *Notre Dame*, a antiga catedral parisiense dedicada á Nosa Señora, emblema da historia dun pobo, que nela se vía reflectido cando menos parcialmente; porque hai tempo que o pobo francés, como moito deste occidente europeo no que estamos integrados, renegou do seu orgullo relixioso e busca identidades noutros espazos seculares. Unha mágoa esta ruptura entre o pobo e a matriz relixiosa que o configurou durante séculos! Pero quen rompeu con quen? O pobo coa institución relixiosa que o definía, ou esta co pobo que ía evolucionando e buscando maneiras novas de entenderse cara a dentro e cara a fóra?

Notre Dame, con todo, segue a ser *Notre Dame*, queimada e todo. A fe mantense coma remol cálido debaixo de escombros fumegantes provocando sentimentos e urxindo reparacións urxentes, ao fronte das cales se puxo o mesmo Presidente da República con cartos abondosos que deseguida se puxeron enriba da mesa. Cartos que para outras urxencia humanitarias non flúen coa mesma celeridade, nin con moito, e esa foi a

queixa que circulou deseguida polas linguas de persoas e institucións que máis se doen das pobrezaas que poboan o mundo. Seguro que os cartos, de saíren dos seus refuxios, chegarían para unha cousa e para a outra. Pero así somos, e así son os nosos sentimentos e prioridades.

E uns días despois, cando a Semana Santa chegaba á súa fin e entoabamos xa cantos de resurrección, en Sri Lanka, no Índico, ao pé da India polo sueste, un estado basicamente budista e hinduísta, e cunha pequena presenza musulmá e cristiá, varios terroristas suicidas provocaron destrución e morte –353 persoas– en catro igrexas cristiás (católicas e evanxélicas) e en varios hoteis da capital Colombo e arredores. Máis adiante, o 29 de abril, en Burkina Faso eran abatidos un pastor protestante e cinco fieis seus; e o 12 de maio, no mesmo país, seis mortos máis, un crego católico, Simeón Yampa, encargado do diálogo interrelixioso na súa diocese, e cinco membros da súa comunidade. Certamente todos eses asasinados non compartían o Documento pola Fraternidade Humana, pola paz mundial e a convi-

vencia común firmado o 4 de febreiro nos Emiratos Árabes, ao que nos referimos na Crónica anterior. Canta Pascua por construír, canto paso da morte á vida no corazón da xente e da sociedade.

Pero foi a Pascua. E, á sombra e á luz de Xesús resucitado, fomos moitas as persoas que aquí e acolá puidemos gozar con humildes e sentidas celebracións relixiosas que nos incitaban ao cambio, á ledicia, á vida, á esperanza. E nesas por regalo de Deus andamos.

2.- A Pascua particular dos pobos de España

Tamén cando andabamos preparando ou celebrando a Pascua, a política petaba á porta da nosa conciencia cidadá, urxíndonos a unha implicación e escolla. Poida que a alguén lle pareza que Pascua e política non teñen moitos puntos de conexión. Nós cremos que si, porque precisamente a Pascua tivo as súas orixes nun feito eminentemente político como foi o da loita dun pobo refuxiado por liberarse do abuso e opresión dos naturais do país, Exipto. Unha loita humilde e

agudamente conducida polo espírito de dignidade e de liberdade, que logo os autores bíblicos magnificaron e converteron en epopea. (Ai!, que diría aquel pobo hebreo dos seus descendentes actuais que non cansan de esquilmar a unha poboación palestina encarcerada nas súas propias moradas, como día si e día tamén nos confirman os medios de comunicación! Xa na nosa crianza nos dicían: «do pobre que chega a señor, canto máis lonxe mellor!»)

Por iso mesmo a política é tamén unha terra sagrada, na que hai que entrar con pés descalzos, como Deus mesmo lle ordenaba a Moisés (cfr. Ex 3, 5); pero ultimamente entre nós máis que con pés descalzos entrárase con botas de monte, con xestos aceirados e con verbas de lume, que para nada facían soñar nun esforzo común, compartido, por buscar honestamente solución a problemas reais da vida. A Igrexa foi moi comedida nas súas orientacións pastorais ao respecto; unhas palabras do cardeal Blázquez na apertura da Plenaria do episcopado o 5 de marzo, dicíndolles aos políticos que «necesitamos a exemplaridade das persoas

que presiden as institucións para fortalecer a moralidade na sociedade»; unhas notas do secretario da Conferencia Episcopal, sinalando algúns criterios de orientación de voto (vida-aborto, familia home-muller, dereito á vivenda, España baileira, laicidade aberta e positiva, acollida de emigrantes), cun comento final sobre o dereito a decidir que dicía: «tanto no campo da identidade nacional coma no da identidade persoal, o chamado «dereito a decidir» non é moralmente lexítimo en si mesmo, pois suporía a absolutización da vontade de poder desvinculada da moralidade do contido da decisión e do marco social e institucional onde se toman as decisións». O parágrafo, que non é precisamente un exemplo de claridade, foi posto en cuestión deseguida polo bispo de Solsona, Xavier Novell, apelando a declaracións dos bispos cataláns que falaban da «lexitimidade moral de todas as opcións políticas que se baseen no respecto da dignidade inalienable dos pobos e das persoas».

Tamén Cáritas publicou unhas interesantes propostas políticas, concretadas en oito medidas, algunhas ben significati-

vas como garantía de ingresos mínimos para todos os fogares, inclusión plena do emprego do fogar na Seguridade Social, protección de menores estranxeiros non acompañados, dereito á enerxía no fogar... Algún bispo manifestou reticencias respecto a Vox, grupo polo que certos sectores eclesiais mostran simpatías. Ben é certo que segundo enquisas realizadas (*Vida Nueva*, 3.126) o número de persoas crentes que se deixan motivar pola Igrexa para orientar o seu voto non supera o 30%, e sitúanse sobre todo entre votantes do PP e Vox. E parece que a mesma Igrexa entende que pasou o momento das declaracións ou, e isto sería peor, que non é unha institución con prestixio como para dicir neste campo algo que a sociedade poida ter en conta.

Pasaron as eleccións lexislativas e parece que os ánimos calmaron. De aquí a pouco, as municipais, europeas e autonómicas. A pantasma de Vox parece quedar en trasno, pero as correntes sociais están aí, apuntando en dirección preocupante. Só unha acción política limpa e entregada á causa da xente máis vulnerable pode garantir futuros atraentes. E a esa ac-

ción política todas as persoas crentes estamos convocadas.

3.- A España baleira

Á España baleira se refería o Secretario da CEE. Sobre a España baleira faláron con palabras de alento os bispos de Teruel e Albarracín e Soria, Antonio Gómez e Abilio Martínez, por mor da baixada a Madrid o 31 de marzo para protestar polo abandono do rural e polas accións políticas que o motivan e/ou que non o remedian. Canto poderíamos falar nós diso, maiormente nas provincias de Lugo e Ourense, que sempre figuran na biqueira das zonas que máis sofren o abandono humano e político!

Ese mesmo día fomos convocados polo Sindicato Labrego Galego e por outras organizacións á lectura pública en Santiago de Compostela da «Declaración da ONU sobre os dereitos dos labregos/as e doutras persoas que traballan nas zonas rurais». Unha declaración ampla, na que despois dun extenso preámbulo razoando a súa xustificación, desenvolve en 28 artigos unha chea de dereitos cos que protexer e potenciar a

actividade agraria no mundo. O escrito foi feito pensando sobre todo en países con gobernos moi proclives a deixarse levar polos intereses das grandes multinacionais e que, en consecuencia, reducen ao mínimo as necesidades da xente labrega: dereito á vida, á folga, a sindicarse, á alimentación, á auga, á vivenda axeitada, á xustiza xusta etc. Sen embargo tamén hai referencias a aspectos cruciais dos países industrializados: dereito á información sobre factores que afectan á produción, elaboración comercialización e distribución de alimentos, á conservación do medio ambiente e da biodiversidade, ás sementes...

Foi importante acadar esta declaración, aínda que supoñemos que, tristemente, como pasa moito con declaracións deste tipo, as cousas non van cambiar moito, por máis que desde o comezo se insta aos gobernos a que tomen en serio estas medidas e as implanten nas súas respectivas lexislacións e prácticas. Pero algo é algo.

Nas dioceses máis afectadas si que falamos desta realidade, pero máis en ton de queixa ca de busca de estratexias que, ao

noso nivel, poidan axudar a facer digna a vida nestas zonas. Mais todos coñecemos aquí e acolá –máis fóra, pero tamén dentro do ámbito eclesial–, persoas, grupos, iniciativas que se moven nesa dirección. Ultimamente Cáritas xeral quixo prestar atención a esta realidade e organizou en Madrid unhas xornadas os días 10 e 11 de abril tituladas «Mirando al mundo rural», apostando por un compromiso co mesmo. Puidemos escoitar palabras sabias falando do caso, e tamén oír falar de experiencias diversas, humildes, pero eficientes, na dirección desexada. Raúl Flores abriu o encontro cunha axustada comunicación: «*El mundo rural hoy*», na que puxo enriba da mesa con acerto a gravidade e as potencialidades do momento presente no rural. Presentouse un vídeo sobre desta realidade de abandono do rural, que se pode ve en <https://www.youtube.com/watch?v=ryazkg5kGEQ>. Que ben nos viría, xa en Galicia, podernos xuntar para decatarnos de cómo sona esta música na nosa terra, e para ver en que poderíamos contribuír para que a lapiña do rural, outrora fogueira, se vigorice en graza aos

moitos posibles que leva no seu seo. (A xeito de nota, dicir que quen isto escribe pode mandar por correo electrónico tanto a Declaración da ONU sobre os dereitos de labregos e labregas, como a comunicación citada de Raúl Flores.)

4.- Ao redor do Papa Francisco

Pode chamar a atención a nosa constante atención ao que do Papa Francisco nos chega. Non o facemos por culto baleiro á autoridade, senón porque entendemos que dos seus xestos e palabras con frecuencia podemos sacar proveito para situarnos como persoas cristiás ante a vida. «Poucas as grazas!», diríamos coa norma do corazón, aínda que non en galego normativo.

Empecemos pola entrevista que lle concedeu ao coñecido periodista Jordi Évole, moi ben valorado neste oficio. Coidamos non errar se dicimos que é a primeira vez que un Papa accede a ser sometido a un cuestionario sobre o divino e o humano por un «simple» periodista, salvando aquela primeira entrevista sufrida polo mesmísimo Pedro, que narra Xn 21, 15-19, e que fixo que o primeiro Papa

se puxese ben colorado con aquel persistente «quéresme, quéresme, quéresme»; claro que daquela o periodista era o mismísimo Xesús de Nazaret, e por riba resucitado. O Papa Francisco, sereno e convencido, foi contestando a todo, agás ao tema da exhumación do cadáver de Franco, no que non quixo entrar; e contestou non con evasivas, senón tomando partido, e ante casos ben complexos da realidade política e eclesiástica. Manifestouse claramente contra a construción e defensa ferinte de calquera clase de valados, contra o rexeite da xente emigrante, contra a venda de armas que potencian guerras, contra o sen sentido de termos persoas mortas enterradas e ignoradas nas cunetas, e por suposto contra a pederastia eclesiástica e a que non o é...

Así foi discorrendo unha hora de entrevista ante a indignación duns poucos que non entendían como todo un Papa se poñía así a ras da xente dialogando cun calquera, por moito que fose periodista afamado, e ante o beneplácito da maioría da xente de Igrexa (e mesmo de non Igrexa), que vía nel un modelo de como saber estar, de como

saber transmitir, de cómo saber empregar os recursos modernos para deixar o testemuño dunha voz, duns xestos, dun corazón transido pola paixón pola xustiza a forza de estar aberto e atento ao Deus da vida, e mesmo recoñecendo erros en manifestacións anteriores. Onde queda a imaxe do Papa case que Deus, que para todo ten palabra última, definitiva e certa? Francisco amósasenos como persoa que opina, que ofrece convencimentos, que fai pensar, que non se agacha en grandes doutrinas que o avalen, que por iso mesmo se fai crible —ou non—, pero sempre digno de ser escoitado.

Seguen adiante as medidas contra a pederastia, continuando o traballo realizado no encontro do 21-24 de febreiro en Roma. O 29 de marzo publicáronse tres documentos firmados polo Papa que afectan ao Estado da Cidade do Vaticano, dos que cómpre subliñar estes aspectos: aumenta de 4 a 20 anos o tempo de prescrición de delitos a partir da maioría da idade da vítima; establécese a obriga de comunicar á autoridade os casos coñecidos; ordénase que se investigue de oficio os casos de pederastia, aínda que

non haxa denuncia previa; créase un servizo de acompañamento das vítimas, e quen pretenda traballar Vaticano, deberá demostrar que nunca abusou sexualmente de menores. E estes serán criterios que se espallarán por toda a Igrexa.

Por parte da Igrexa española, foi importante a decisión tomada pola CEE na asemblea da primeira semana da abril, solicitando do Vaticano un mandato especial para promulgar un decreto xeral que lle dea autoridade á CEE para legislar para toda a Igrexa española ao respecto. Isto quere dicir que dioceses, congregacións relixiosas e asociacións eclesiásticas de todo tipo serán obxecto das normas que dite a CEE, normas que no seu momento se farán públicas. Bo será para ir demostrando que se aborda o problema con seriedade. Por certo, o bispo de Astorga, Juan Antonio Méndez, presidente da Comisión antipederastia da CEE, faleceu repentinamente o 15 de maio. Descanse en paz, e que non descansa a encomenda que tiña entre mans.

E cadra ben aquí facer mención da metida de zoco do Papa emérito Benedicto XVI, cando

o 11 de abril fixo pública unha reflexión persoal sobre o porqué da pederastia, non se sabe se por propia iniciativa ou grazas á influencia de persoas interesadas en subverter a lectura dos feitos que os presidentes das Conferencias Episcopais de todo o mundo, co Papa á fronte, ofreceran no encontro de febreiro. En todo caso un triste papel que non cadra para nada coa súa promesa de se manter en silencio, alleo á xestión dos problemas da Igrexa, que tanto medo lle meteran que preferiu dimitir. Non lle hai que negar para nada a súa intención de querer axudar; pero, dada a súa situación, esa non é a maneira de facelo. Aínda que sexa un elemento a ter en conta, non é crible que delitos que en ocasións se empezaron a cometer moitos anos antes do Vaticano II, haxa que atribuílos a unha perda do sentido moral da sociedade á que a Igrexa do Vaticano II se tería sumado, máxime sabendo que en moitos casos foron persoas moi de aparencia virtuosa tradicional as que máis cometeron estes delitos sexuais. Pensamos que debe prevalecer a análise que afirma que un clericalismo excesivo, prepotente, e unha vi-

vencia moi fráxil da sexualidade debida a unha paupérrima formación e desenvolvemento ao respecto, e o fondo humano marcado tamén pola propensión a prácticas repugnantes, neste campo e noutros, están na base de tantos comportamentos aberrantes.

Por outra banda o Papa emérito facía dese relativismo moral doutrina para poñer en dúbida —aínda que non o mencione— a proposta moral coa que o mesmo Papa, avalado polo Sínodo correspondente, entendía que se deberían afrontar situacións extremas, como as das persoas divorciadas voltas a casar, nas que o principio moral se debe conxugar con situacións concretas que dalgunha maneira o relativizan e o complementan a un tempo. Co que, queréndoo ou non, se sitúa do lado do grupíño de cardeais guerreiros que, con outros máis, non paran de facer oposición aos empeños do Papa Francisco. Grupíño que aproveita calquera oportunidade para lle ensinar as unllas ao propio Papa, como é o caso do cardeal Müller, que ergueu a súa voz de protesta e alerta ante o anuncio da nova constitución para a Curia do Vati-

cano «*Praedicate Evangelium*», aínda en tempo de valoración polas Conferencias Episcopais, na que xa descobre perversións da fe. Unha verdadeira mágoa, cremos. A tal constitución é o froito do traballo do equipo de cardeais, que de nove foron pasando a seis, e pretende establecer unha nova cultura de poder e de servizo nas estruturas do Vaticano, pero entrando en relación, claro, co conxunto dos bispos e dioceses que compondemos a Igrexa. Falaremos dela con máis detalle cando se faga definitivamente norma pública. Só indicar que se anuncia a creación de dous grandes superministerios, un dedicado á Evanxelización e outro dedicado á Caridade.

5.- Exhortación apostólica «*Christus vivit*»

No outono do 2018 celebrouse o Sínodo sobre a mocidade. Traballo, conclusións que se lle entregan ao Papa, para que logo el redacte unha Exhortación Apostólica cando ben queira e poida. Publicouse agora, nesta primavera, coa esperanza de ser un signo primaveral para todo a Igrexa, nun campo no que

coma en ningún outro estamos precisados de formas e camiños novos. Vaino conseguir este documento? Seguramente o documento en si, non. Pero ten o documento nervio abondo como para que poida promover unha nova maneira de entender a mocidade e de promovelas polos camiños dunha experiencia cristiá motivadora? Esa é a dúbida.

A exhortación vai dirixida á xente moza e a todo o pobo de Deus; pero en si, na súa conformación completa, máis parece algo referido ao pobo de Deus, para ver como aborda ou non a súa responsabilidade cara á xente nova, ca non algo directamente para a mocidade, sobre todo para esa mocidade escéptica, moi metida nas dinámicas «mundanas» actuais e pouco receptiva a doutrinas relixiosas, aínda que logo trague con tantos mitos e tabús. O cal non quita que non poida ser uns instrumento útil para abordar a tan desexada e temida pastoral da mocidade, temida máis que nada por non saber que teclas tocar para que a melodía soe. Na práctica é unha área da pastoral abandonada en moitos espazos eclesiais desde que a adolescencia ou mocidade supera o

requisito da Confirmación, se que é a xa o quixo afrontar.

Non queremos con iso desaconsellar a súa lectura; ao revés. O título é significativo: pretende poñer a xente nova ante a posibilidade dun encontro persoal co mesmo Cristo. Desenvólvese en nove capítulos, algúns máis significativos ca outros. Pensamos que os capítulos 3, 4, 5, 8 e 9 poden atopar máis eco na mocidade. O capítulo 7 vai dirixido claramente aos posibles axentes de pastoral da mocidade.

Este documento, coma tantos outros de máis ou menos densidade pastoral, teñen o perigo de quedar no baleiro. Todo vai depender da capacidade que unha Igrexa de aparencia cansa e esgotada poida ter para reavivarse e poder ofertar contidos e formas novas que cheguen a un público complexo, disidente, que ten os seus propios sistemas de percepción, de comunicación, de entrar en diálogos e intercambios. Saberemos estar aí, aínda que diso dependa o futuro das nosas comunidades cristiás? No bispado de Mondoñedo-Ferrol encomendouse a un grupo de mozos e mozas a

presentación pública desta exhortación. Pode ser un simple e bo comezo.

6.- Na hora dos adeuses

Foi o 12 de maio, e foi en Bazar, Santa Comba. Alí ás trece horas longas a comunidade parroquial dispúñase a celebrar, entre gozos e sombras, a despedida da comunidade relixiosa da Compañía de María que durante máis de 40 anos estivera acompañandoa coa presenza física e espiritual e co alento dinamizador que espertou importantes capacidade no mesmo pobo. Como alguén diría nalgún momento da celebración «grazas a que veu de fóra un bo fermento, produciuse un bo pan; pero tamén grazas a que fariña era boa, o fermento puido cumprir coa súa encomenda». En definitiva que comunidade parroquial e comunidade de irmás monxas fixeron posible unha experiencia enormemente positiva, que permitiu que o pobo descubrixe a súa dignidade, a súa capacidade de ser, de expresarse, de actuar, en base a si mesmo e ao que dentro de si nacía. Experiencia que durante anos foi compartida por nenos e nenas, por mozos

e mozas, por homes e mulleres adultas que, cada quen nos seus espazos e recursos propios, fixeron un camiño de maduración, de conciencia propia, de apertura viva á realidade rural, de participación social, metendo todo este precioso enramado dentro da mesma experiencia relixiosa, que gustosamente celebraban cada domingo na mesma igrexa parroquial que hoxe as vía despedirse.

Pero é necesario situar esta anécdota dentro de todo un contexto eclesial, histórico, que axuda a descubrir as súas potencialidades. A Compañía de María non soamente estivo presente con este talante en Bazar; estivo tamén en Hospital de Pedrafita do Cebreiro, e tamén en Cebreiro, Touro, con presenzas de duración variable, con moi diferentes persoas que se foron sucedendo, pero sempre coa mesma sinxela intensidade. As que agora pechan as portas desta inimaxinable presenza relixiosa son MariCarme, Alicia e Pilar. Pero é que ao lado da Compañía de María e con funcións moi similares, estiveron no rural durante moitos anos tamén –e algunhas seguen a estar– un grupo considerable de

Ordes Relixiosas femininas que, ao remol do Concilio Vaticano II, entenderon que a pobreza do rural, naqueles anos especialmente intensa, era un lugar apropiado para quen se sentía servidora da causa da xente máis vulnerable. E escribiron un capítulo encomiable, aínda que humilde e moitas veces calado e descoñecido, da historia da Igrexa en Galicia. Un capítulo do que moito podemos aprender para o presente e o futuro inmediato, porque o exercicio pastoral destas monxas sinala seguramente o camiño a seguir para manter unha presenza viva do Evanxeo no rural e seguro que incluso en vilas e cidades. Nada de clericalismo abusivo, convivencia cotiá coa xente, adaptándose á fala, a usos e costumes, compartindo de preto leducias e pesares, creando casas abertas, fogares comúns, lugares de encontro e de vida, suscitando a experiencia relixiosa, recreándoa cada día con formas simples ao alcance da xente, rezando xuntas, empoderándose xuntas en labores eclesiais que as facían practicamente pastoras do pobo, ás que soamente lles faltaba ese punto de ousadía eclesial para que fosen de nome

o que de feito estaban sendo: curas do pobo.

Grazas e parabéns por elas. Grazas e parabéns por unha Igrexa que sabe dar mostras do aprendido nas entrañas do Cristo resucitado.

7.- E aí vai a despedida

A despedida, logo, tal como cantan as nosas cantigas populares. E vai co nome, e coa vida servidoramente potente e coa morte de Jean Vanier aos seus 90 anos. Nacera no 1929 en Canadá. Formouse como filósofo cun doutorado que o habilitou para o ensino. Pero no 1964 despois da visita a un psiquiátrico, decide darlle unha viraxe á súa existencia e funda «El Arca», lugares nos que conviven persoas con discapacidade intelectual coas persoas que os coidan. Actualmente hai 33 destas comunidades polo mundo adiante, nas que se atende a 1.200 persoas nestas condicións. Pouco despois, a partir dunha peregrinación a Lurdes dun grupo denominado «Fe e Luz», funda tamén outro movemento con este mesmo nome, que hoxe conta con 1420 comunidades espalladas polo mundo enteiro. Como

se comentaba nunha crónica ao respecto da súa morte, «os discapacitados transformaron a Jean Vanier; o home eficaz e resolutivo tivo que aprender a ser un máis, un amigo, alguén que convive, que comparte todo. Alguén máis orientado ao trato con persoas que a facer cousas». Un verdadeiro mestre, espello no que Xesús mesmo se reflicte, do que moito temos que aprender. Ten bastantes libros escritos aos que, para iso, haberá que achegarse.

E pouco máis xa. Prestade atención ao Sínodo da Amazonía, que se celebrará no próximo outono, sobre do que se di que pode marcar pautas interesantes para ao propio lugar, por suposto, pero tamén para toda a Igrexa. E, con algo máis de calma, prestade tamén atención ao encontro que haberá en Asís do 26 ao 28 de marzo do 2020, unha especie de congreso promovido polo Vaticano, no que se encontrarán economistas de todo o mundo que se sintan atraídos por unha economía social, esa que dá vida e non mata, que inclúe e non exclúe, que humaniza e non deshumaniza,

que coida a creación e non a despoxa. En fin, iso que alguén, que non el, chama xa «a economía de Francisco».

E, se por un casual, dades unha volta por Alemaña, non vos estrañe se, indo a unha Igrexa ou a algún outro servizo eclesial, oídes dicir que as mulleres non están porque están de folga, xa que hai aló un movemento de folga feminina, fartas xa as mulleres de non ser tidas abondo en conta na Igrexa, e de ter que estar sometidas ao mando e ordeno do clérigo que lles cadre. Non só iso, pero demandan tamén a posibilidade de acceder ao sacerdocio en igualdade de condicións ca un varón. Hai clérigos, mesmo algún bispo, que as entenden e apoian. «O vento sopra onde quere e ti séntelo zoar pero non sabes de onde vén nin para onde vai. Así pasa con toda aquela persoa que naceu do Espírito» (Xn 3, 8). Vai ti saber!

Ben, apertas, bo verán, e, quen así o teña por vontade, a facer pobo e comunidade cristiá como a Xesús lle comprace.

Manuel Regal Ledo